

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032662	IES O Mosteirón	Sada	2024/2025

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	5
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	6
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	7
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	9
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	9
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	10
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	10
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	11
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	11
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	12
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	12
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	13
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	13
o) Outros apartados	13

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Segundo aparece no Artigo 7 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia os obxectivos xerais da etapa son os seguintes:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Tendo en conta os obxectivos anteriormente citados, dende o noso centro contribuírase á adecuación dos mesmos desenvolvendo as seguintes capacidades no alumnado:

Obxectivo a):

- Reparto equitativo do traballo en equipo.
- Fomento e participación ante as aportacións individuais en debates e traballos grupais, respectando o turno de palabra nas intervencións orais.
- Actitude colaboradora e correcta cos compañeiros e docentes.
- Recoñecemento e respecto ante a pluralidade de razas e culturas, mantendo posturas tolerantes ante as diferentes opinións, gustos e demais opcións persoais.
- Fomentar programas no centro que promovan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres para o exercicio da cidadanía democrática.

Obxectivo b):

O desenvolvemento deste obxectivo concrétese na consecución dos seguintes hábitos:

- A asistencia de xeito puntual ás clases.
 - A constancia e regularidade na realización das tarefas, a capacidade do alumnado para planificar o seu traballo tanto individual como en grupo, así como o respecto ás normas e prazos fixados na presentación das actividades de cada materia.
 - A atención, concentración e boa disposición no traballo na aula.
 - A toma de conciencia do alumnado sobre os erros e acertos, tanto nas actividades académicas como nas actitudes persoais.
 - O coidado e limpeza na presentación de traballos, cadernos...
- Obxectivo c) e d):
- Fomentar no centro, mediante titorías e actividades en grupo, o respecto ás diferenzas de sexo e por outro lado, a igualdade de dereitos e oportunidades entre elas e eles.
 - Rexeitar calquera tipo de discriminación por razón de sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social (raza, relixión...) mediante talleres, conferencias, charlas e actividades tanto internas como externas.
 - Fortalecer as capacidades afectivas e rexeitar a violencia como contido transversal que se inclúe en todas as materias.
- Obxectivo e):
- O desenvolvemento deste obxectivo realizarase en todas as áreas, con sentido crítico e mediante o desenvolvemento das seguintes capacidades:
- Procura de información para solucionar un problema, interpretar un fenómeno ou feito ou ampliar coñecementos sobre temas concretos.
 - Recoñecemento do contido da información. Xerarquización das ideas principais e secundarias.
 - Detectar a finalidade, o momento e o lugar de emisión da información.
 - Traballo de síntese e resumo da información, sobre todo cando se usan medios dixitais.
- Obxectivo f):
- O desenvolvemento do seguinte obxectivo fíxase na adquisición das seguintes capacidades:
- Observación e análise. Consiste na identificación dun problema, situación, fenómeno ou feito e o recoñecemento dos seus elementos, datos ou variables.
 - Clasificación. Consiste en agrupar, ordenar e distribuír correctamente desde o punto de vista lóxico.
 - Comparación. Consiste en establecer comparacións lóxicas entre elementos, datos e variables e elaborar proposicións para explicalas. Estas destrezas relaciónanse cos procesos de indución no traballo científico.
 - Xeneralización. Consiste en establecer analoxías ou contrastes en relación con outros fenómenos, situacións ou problemas distintos dos estudados.
 - Dedución. Consiste en extraer consecuencias lóxicas dun fenómeno, feito ou problema plantexado.
 - Secuenciación. Consiste en establecer secuencias lóxicas e seguir os pasos correctos para explicar un fenómeno ou situación, ou para resolver problemas de diversa índole.
- Obxectivo g):
- O desenvolvemento deste obxectivo fíxase na adquisición das seguintes capacidades:
- Valoración dos traballos persoais e de grupos co fin de reforzar a autoconfianza, o sentido crítico e a iniciativa persoal.
 - Desenvolver no alumnado actitudes que lles sirvan para organizar o seu traballo persoal, co fin de planificar, decidir e asumir responsabilidades.
- Obxectivo h):
- Para acadar este obxectivo requírese:
- Saber escoller a información relevante e saber estruturala. Este aspecto refírese á destreza que deber ter o alumnado á hora de organizar as ideas para construír unha mensaxe sen caer en contradicións ou absurdos.
 - Identificar a variedade (dialectal/estándar) e o rexistro (xeral/específico, formal/familiar, obxectivo/subxectivo...) apropiados para cada situación comunicativa. Considérase fundamental a destreza do uso axeitado do vocabulario de cada área.
 - Desenvolver o coñecemento que o alumnado debe ter das normas ortográficas e morfosintácticas que permiten construír e comprender oracións aceptables.
 - Presentar con corrección un texto, incidindo no tipo de letra, caligrafía, márxenes, títulos, distribución en párrafos, etc. Así mesmo terase en conta a limpeza e claridade na presentación dos traballos tendo en conta as normas establecidas en cada áreas e/ou materia.
 - Organizar desde o centro un plan de lectura que fomente no alumnado un gusto e hábito pola lectura.
- Obxectivo i):
- Fomentar as Seccións Bilingües.
 - Comparar as costumes e modos de vida do entorno do alumnado co entorno do mundo anglosaxón e valorar criticamente a influencia da cultura anglosaxoa, evitando á vez actitudes xenófobas.
 - Recoñecer e valorar a diversidade cultural dos pobos en canto ás distintas linguas.

Obxectivo j):

Mediante este obxectivo preténdese desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Observar, analizar e valorar o legado artístico, cultural e histórico do noso país.
- Establecer relacións entre os contidos e a sociedade, arte, manifestacións folclóricas, política, economía, historia, entorno natural e costumes locais.
- Utilizar os coñecementos sobre o medio para desenvolver hábitos de conservación e participar en iniciativas que melloren a calidade do entorno, asumindo estes valores de forma cotidiá, crítica e fundamentada.
- Coñecer as manifestacións artísticas máis relevantes da zona e as posibilidades plásticas e paisaxísticas do entorno tanto urbano como rural.

Obxectivo k):

A consecución deste obxectivo é a razón de ser dunha parte importante do currículo de materias como a Educación Física e a Bioloxía e Xeoloxía; aínda así será tratado ao longo de todos os cursos e de todas as materias mediante os contidos transversais como a Educación para a Saúde, Educación Ambiental, Educación para o Consumo...

Obxectivo l):

Mediante este obxectivo preténdese:

- Coñecer as manifestacións artísticas máis relevantes e as posibilidades plásticas, musicais, literarias e paisaxísticas do entorno natural.
- Desenvolver por parte do alumnado patróns estéticos propios, relacionados co seu entorno, e non en función dos medios de comunicación que tenden a uniformar e empobrecer os mesmos.
- Adquirir sensibilidade ante a contaminación visual, discriminando entre os elementos artificiais que desarmonizan co entorno

Obxectivos m e n):

Con este obxectivo preténdese desenvolver no alumnado capacidades encamiñadas a:

- Observar, analizar e valorar o legado artístico, cultural, socioeconómico e medioambiental do entorno local e da nosa Comunidade Autónoma, realizando saídas extraescolares para coñecer "in situ" diversas modalidades do noso patrimonio.
- Coñecer a Historia de Galicia.
- Valorar a utilización da nosa lingua respectando a diversidade lingüística e cultural e fomentando a riqueza das expresións populares, particularmente no relacionado co medio natural e rural, onde existen expresións, vocablos etc.. que permiten un acercamento afectivo coas raíces e co entorno.
- Fomentar o coñecemento medioambiental rexional e o seu deterioro, a través da observación da paisaxe e de debates que permitan contribuir a desenvolver, ademais un espírito crítico no alumnado.
- Coñecer as actividades artísticas máis relevantes da zona.
- Potenciar a música autóctona e popular do entorno, como unha maneira de resaltar a cultura galega, tanto a nivel lingüístico como musical

b) A contribución á adquisición das competencias clave

Coas materias do currículo se pretende que todo o alumnado alcance os obxectivos educativos e, consecuentemente, adquiren as Competencias Clave.

Establécense oito Competencias Clave:

- Competencia en Comunicación Lingüística (CCL).
- Competencia Plurilingüe (CP).
- Competencia matemática e Competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia cidadá (CC).
- Competencia emprendedora (CE).
- Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC).

O traballo nas materias do currículo para contribuir ao desenvolvemento das competencias Clave estará completado con diversas medidas organizativas e funcionais, imprescindibles para o seu desenvolvemento.

Así, a organización e o funcionamento do centro e das aulas, a participación do alumnado, as normas de convivencia, o uso de determinadas metodoloxías e recursos didácticos, ou a concepción, organización e funcionamento da biblioteca escolar, entre outros aspectos, deseñaranse de xeito que procuren o desenvolvemento de Competencias asociadas á comunicación, á análise da contorna física, á creación, á convivencia e á cidadanía ou á alfabetización dixital. Igualmente a acción titorial permanente contribuirá de xeito determinante á adquisición de Competencias relacionadas coa regulación das aprendizaxes, o desenvolvemento emocional ou as habilidades sociais. A planificación das actividades complementarias e extraescolares procurará o desenvolvemento do conxunto das

Competencias Clave.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Segundo o artigo 18 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese o seguinte sobre os elementos transversais:

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúñas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaránse en todas as materias.

2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

4. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Dende o noso centro somos conscientes da importancia de incorporar todos e cada un dos elementos transversais. Así os criterios a seguir serán os seguintes:

-O alumnado adquirirá elementos básicos da cultura, especialmente en aspectos humanísticos, artísticos, científicos e tecnolóxicos; desenvolverá e consolidará hábitos de estudo e de traballo; prepararase para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formarase para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

-Desenvolvemento dun plan de convivencia que preste especial atención á promoción de actividades para a igualdade entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero.

-No centro poténsiase a igualdade e os dereitos dos alumnos, as diferentes concepcións políticas ou relixiosas e a liberdade para manifestar opinións no marco dun respecto entre todos os membros da comunidade educativa. A participación democrática canalízase a través dos órganos e asociacións do centro: consello escolar, claustro, ANPA, xunta de delegados e asociacións de alumnos.

-Para garantir o respecto aos principios de pluralismo, convivencia e democracia establécese a mediación como un instrumento fundamental para a resolución de conflitos. Entendéndose por mediación unha ferramenta para o diálogo, o encontro interpersoal e a busca de solucións pacíficas aos conflitos que xurdan no noso centro escolar.

-A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.

-A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.

-O desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.

-A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural de España e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.

-A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.

-A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.

Un elemento fundamental do noso sistema educativo é a educación en valores, que será traballada, do seguinte xeito:

A área de ciencias da natureza (Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química) contribúe ao desenvolvemento de persoas tolerantes, cooperativas, solidarias e democráticas; consolidando hábitos de estudo e de traballo, individual e en equipo; respectando a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos entre mulleres e homes; incentivando a busca de solucións dialogadas aos problemas, rexeitando a violencia e os comportamentos sexistas; desenvolvendo a

capacidade de pensamento abstracto, a curiosidade, e a creatividade e a actitude crítica.

Na área de ciencias sociais, xeografía e historia, buscarase dar unha visión global do mundo e un conxunto de valores para que os alumnos e alumnas adopten unha aptitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria.

A materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos, contribuirá á implicación do alumnado na vida social (en círculos de proximidade: compañeiros, familia, veciños, compatriotas, humanidade), como cidadáns que posúan a información precisa e sexan conscientes das súas obrigas, dereitos e responsabilidades. Foméntanse prácticas educativas que lles permitan a toma de contacto con situacións do medio social, que incidan na construción da súa identidade persoal e cívica, con especial atención á educación emocional e o desenvolvemento de criterios para interpretar criticamente a información recibida, seguindo a orientación propedéutica tanto no eido dos valores como no dos saberes adquiridos a través das distintas áreas do currículo que a lexislación educativa outorga ás materias desta área.

A área de educación plástica e visual contribuirá ao desenvolvemento de valoracións críticas das informacións visuais chegando a conclusións persoais de acordo a unha escala de valores propia.

A área de música deberá ser unha canle que permita por en funcionamento a iniciativa, a sensibilidade e a creatividade do alumnado, estimular a creación dunha conciencia artística propia, ao mesmo tempo que desenvolve actitudes de valoración da liberdade de expresión, ao achegarse ás expresións musicais doutros pobos contribuíndo, así, ao fomento da sensibilidade e á ampliación do horizonte estético.

A área de lingua galega e literatura contribuirá á comprensión da realidade plurilingüe en que nos movemos e á superación de prexuízos que bloquean o uso do galego en determinados contextos. A literatura, tamén, contribuirá a mellorar o gusto pola lectura, a interpretar mensaxes escritas e a formar o espírito crítico do alumno.

A área de lingua castelá e literatura estará encamiñada, entre outros aspectos, a saber cando e por que se necesita información, onde atopala, e como avaliala, utilízala e comunícala de xeito ético, xa que o seu logro, permitirá aos alumnos participar eficazmente na sociedade do coñecemento. Así mesmo, a adquisición dunha plena competencia comunicativa inclúe un achegamento ao feito cultural e literario a través da lectura.

A área de primeira lingua estranxeira así como a sección bilingüe contribuirán á formación educativa do alumnado desde unha perspectiva global que favoreza o desenvolvemento da súa personalidade, compense as desigualdades de partida axudando á integración social.

A segunda lingua estranxeira estará encamiñada a desenvolver unha ceda tolerancia e competencia sociocultural que lle permita actuar con propiedade nun contexto sociocultural propio da outra cultura.

A área de matemáticas contribuirá, mediante unha vertente integradora, a coñecer, analizar, explicar a realidade e predicir o seu comportamento.

As tecnoloxías e a parte de dixitalización fomentarán as aprendizaxes que permitan a comprensión de obxectos técnicos, a súa utilización e a súa manipulación, así como o dominio dos procesos tecnolóxicos mediante os que tales obxectos se deseñan e constrúen empregando as TIC.

A área de TIC's propiciará a adquisición dun conxunto imbricado de coñecementos, destrezas e actitudes, que permitan utilizar as novas tecnoloxías para continuar a súa aprendizaxe ao longo da vida, adaptándose ás necesidades dun mundo en permanente cambio.

A área de educación física permitirá, a través dunha motricidade consciente, construír a identidade corporal do alumnado.

A materia de cultura clásica compaxina o coñecemento e a comprensión do mundo clásico cunha toma de conciencia da súa presenza no mundo actual, como forxadora dos nosos canons estéticos e tamén transmisora de valores universais, que entroncan a nosa herdanza cultural coas raíces do mundo clásico así como o desenvolvemento dun pensamento crítico.

O Departamento de orientación intervén no tratamento da Educación en valores mediante o deseño e desenvolvemento da programación titorial recollida no Plan de Acción Titorial (PAT) en colaboración cos titores do todos os niveis.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Perséguese unha aprendizaxe significativa combinando a explicación teórica e a práctica. Preténdese potenciar no alumnado a observación, a investigación e a reflexión e unha mentalidade aberta así como desenvolver a expresión e a creatividade; todo iso dunha forma comunicativa e participativa, apoiándose na utilización de moi diversos materiais didácticos: libros de texto, vídeo, lecturas, exercicios de expresión oral, TIC... os últimos anos, sobre todo desde a aparición do Covid-19, que propiciou unha maior utilización das novas tecnoloxías, a Aula Virtual do centro é unha ferramenta moi empregada polo profesorado e polo alumnado en xeral.

A explosión de coñecementos ou, o que é o mesmo, o inxente crecemento da ciencia e a técnica, e o rápido desuso duns contidos aprendidos nun sistema fechado, xera a imposibilidade da súa incorporación mediante un ensino memorístico-tradicional. O alumnado de hoxe necesita aprender modos de aprender, precisa aprender a aprender, e

este é o reto ou obxectivo prioritario.

Deste xeito terase en conta o seguinte:

1) A educación concíbese como un proceso de ensino-aprendizaxe de carácter non exclusivamente unidireccional do profesor cara o alumno/a. É preferible que o docente sexa un mediador e que a labor consista en interactuar co grupo de alumnado, fuxindo no posible da transmisión unidireccional ou do abuso das explicacións orais.

O profesorado debe recibir información sobre o grao de asimilación e interese, por parte do alumnado, dos coñecementos e actividades propostas. Esta retroalimentación pode facerse de diferentes formas: mediante preguntas puntuais cortas ou directas, por exemplo, avaliación de actividades propostas, intercambio de opinións sobre o traballo realizado, etc. O fin perseguido con todo isto é reconducir e reorientar en todo momento o proceso de ensino-aprendizaxe, en función da resposta dos alumnos/as, cambiando as estratexias e recursos didácticos empregados, se fose necesario.

2) As ensinanzas tratarán de ser útiles, adaptadas ao entorno inmediato do alumnado, de forma que permita transferir os coñecementos e destrezas adquiridas a novas situacións.

Esta ensinanza activa propicia estratexias que permiten poñer en funcionamento aspectos motrices e manipulativos, rompendo así a aparente oposición entre xogo e traballo, e tamén aspectos cognitivos nos que o alumnado toma conciencia, obtén coñecemento, toma partido con respecto á información...

Sen embargo, ademais de cubrir as necesidades inmediatas, é dicir, que o alumnado adquira as Competencias Clave indicadas no Decreto, as ensinanzas deben cumprir todos os fins como preparar ao alumno/a para estudos posteriores, educar en valores e, en último termo, preparalo/a para a vida adulta.

3) Aínda que cada disciplina traballa certas Competencias específicas, naquelas que resulten coincidentes en varias áreas é preciso adoptar criterios comúns.

Os procedementos empregados polas diferentes áreas favorecen a detección de carencias, erros e ideas previas que fan que o alumnado tome conciencia da súa situación de partida.

Considérase importante plantexar a nova información conectando os novos contidos coas aprendizaxes anteriores. En todas as áreas se debe promover o traballo individual e en equipo.

4) A selección de contidos nas distintas áreas irá do coñecido ao descoñecido, do simple ao complexo, do particular ao xeral, do máis concreto e manipulativo ao máis abstracto, mediante un proceso gradual co fin de adquirir o dominio das Competencias Clave do Currículo, deseñando actividades de aprendizaxe que permitan ao alumnado avanzar hacia o dominio de máis dunha Competencia ao mesmo tempo.

Tendo en conta que os contidos non son un fin en si mesmo, senón un medio para acadar uns determinados obxectivos, a consecución de aprendizaxes significativas, poderá chegar a través de métodos inductivos. Partindo de feitos e realidades concretas próximas ao alumnado, da constatación por este de elementos próximos e observables e da manipulación dos mesmos pódese chegar á formulación de leis máis xerais.

5) Na actividade docente combinaranse exposicións do profesorado coa realización de actividades por parte do alumnado, sendo desigual a distribución do tempo dedicado a un ou outros nas diferentes áreas.

6) Procurarase a atención específica aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado. Avanzarase no traballo de elaboración de Adaptacións Curriculares polos distintos departamentos, prestando apoio personalizado, son só ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, senón tamén a outro tipo de alumnado con deficiencias diversas.

7) No proceso de ensino-aprendizaxe terase en conta o punto de partida do grupo polo que o Instituto levará a cabo reunións de coordinación co Centro de Primaria da zona, para coñecer o perfil académico e emocional do futuro alumnado e levarase a cabo, nos cursos onde se incorporen novos alumnos/as, probas iniciais e observacións sistemáticas, cuos resultados serán despois analizados, polos equipos educativos, coa finalidade, entre outras, de detectar o alumnado con dificultades de aprendizaxe e decidir sobre as medidas de apoio posibles.

8) No proceso de ensino-aprendizaxe utilizaranse as novas tecnoloxías da información e comunicación cunha dobre orientación: como ferramenta de traballo, nas diferentes áreas, para explorar, analizar e intercambiar información procedente dos recursos educativos multimedia e Internet, e por outra banda, como obxecto de coñecemento e estudo destas ferramentas, co fin de facilitar o desenvolvemento da aprendizaxe autónoma do alumnado e a inserción no mundo laboral.

9) Na aprendizaxe das linguas estranxeiras darase prioridade á comprensión e expresión oral en dito idioma, empregando a lingua galega e/ou castelá só como apoio no proceso xa que a mellor forma de aprender unha lingua é a total inmersión.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O material didáctico é fundamentalmente un instrumento de execución e exploración ao servizo do docente e do alumnado, neste sentido, os requisitos de todo material educativo poderían ser os seguintes:

1. Adecuar o seu contido e mensaxe ao nivel e ritmo propio da aprendizaxe do alumno/a. O material educativo seleccionado debe contribuír a que o alumnado logre a capacidade ou capacidades propostas nos obxectivos e as competencias.
2. Utilizar medios múltiples.
3. A selección, elaboración e uso do material educativo debe ter presente a función didáctica que desempeña dentro do proceso educativo. Hai que utilizar o material no momento que poida ofrecer os mellores resultados dentro dos procesos de ensino e aprendizaxe.
4. Permitir a autoavaliación permanente da aprendizaxe, deixando que sexa o alumnado quen controle a eficiencia do mesmo.
5. Presentar a redacción do seu contido e instrucións nunha linguaxe sinxela, clara e precisa, de acordo co nivel de comprensión dos usuarios. É dicir, utilizando termos adecuados.
6. Debe ser variado.
7. Debe xerar traballo no alumnado, só así poderán desenvolver a clase en constante actividade e así aprender con maior eficacia.
8. Presentar un contido que estimule o razoamento, a creatividade e a crítica.
9. Metodoloxicamente adecuado ás necesidades, intereses e aspiracións do alumnado.
10. Variedade das actividades e diferente tipoloxía para a atención á diversidade.
11. Claridade e amenidade gráfica e expositiva.
12. Actividades dirixidas cara a aprendizaxes significativas.
13. Actividades baseadas en metodoloxías innovadoras (intelixencias múltiples, destrezas de pensamento, aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en problemas ou en proxectos, etc).

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

No que se refire as materias optativas, ofreceranse sempre as obrigatorias segundo a normativa vixente. Durante o segundo e terceiro trimestre o departamento de Orientación realizará charlas informativas aos distintos grupos para que coñezan a oferta educativa do centro e poidan escoller as optativas que mellor se adecúan ao seu perfil. Despois destas charlas, o alumnado recibirá un modelo previo de matrícula no que constará o conxunto de materias que poden elixir. Esta matrícula previa deberá ser entregada en Xefatura de Estudos.

Cos datos obtidos, seleccionaranse as materias finais que aparecerán nos documentos de matrícula, así como os distintos itinerarios e/ou combinacións posibles de materias que se poden cursar.

Estas materias serán:

- Todas aquelas que sexan de oferta obrigatoria.
- Aquelas materias máis demandadas polo alumnado.

En 4º ESO os deseños de itinerarios responderán as necesidades formativas do Bacharelato por unha banda e por outro tenderán a ofrecer ao alumnado unha formación básica no caso de que opte por seguir un Ciclo Formativo. Haberá que ter sempre en consideración o número mínimo de 10 alumnos/as para a oferta de optativas. Ofertarase tamén a posibilidade de cursar sección bilingüe na materia de Física e Química tanto en 2º como en 3º ESO.

A oferta de materias do centro seguirá a ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022 do 15 de setembro que tal e como explica no Artigo 4, os centros docentes ofertarán as materias obrigatorias dos catro cursos, a totalidade das materias optativas de terceiro curso e a totalidade das materias de opción de cuarto curso. Ademais, concretarán a súa oferta de materias optativas de cuarto curso que formará parte da súa concreción curricular.

As materias optativas de cuarto de cada ano escolar quedarán reflexadas no impreso de matrícula que se lle dará ao alumnado cando se matricule no mes de xuño. Para ofertar estas materias terase en conta tanto a demanda do alumnado como a dispoñibilidade de horario do profesorado.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

O equipo directivo facilitará ao Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares os recursos humanos e materiais que estean á súa disposición para a realización das actividades.

As actividades complementarias e extraescolares do centro serán propostas a comezos de curso polos departamentos didácticos para ter máis tempo de organización.

Serán presentadas en CCP para a súa aprobación e posteriormente seguirase o mesmo camiño no Consello Escolar.

- As actividades deben ter en conta os obxectivos xerais do centro.
- Os obxectivos da actividade deben estar integrados na Programación dos departamentos.
- Terán obxectivos ou enriquecemento cultural e convivencia entre o alumnado.
- Deben estar programadas a comezo de curso e aprobadas en CCP e Consello Escolar.
- Os titores informarán as familias ou representantes legais sobre as actividades a realizar.
- As datas de realización deberán marcarse coa suficiente antelación para planificar a organización de probas.
- Poderán participar nestas actividades todos/as os/as alumnos/as, agás aqueles que fosen suspendidos deste dereito por decisión do Director ou da Xefa de Estudos. Para isto, teranse en conta o número de partes que teña ese alumno/a en particular.
- Para que o alumnado poida participar na actividade, deben traer o modelo de autorización firmada polo pai/nai/titor legal.
- O alumnado estará acompañado na saída por profesorado do centro en cociente de 1 profesor/a por cada 20 alumnos/as.
- O departamento ou profesor/a responsable de organizar a actividade será ou encargado de buscar o profesorado acompañante. En todo caso, salvo causa extraordinaria, un dous acompañantes, polo menos, será dese departamento.
- Os distintos departamentos procurarán organizar actividades conxuntas, sempre que sexa posible, para reducir custos e tamén tentar que sexan interdisciplinares.
- Na medida do posible, evitarase a acumulación de actividades en épocas de exames.
- Estableceuse un acordo de claustro de non realizar máis de tres saídas por curso e trimestre.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Segundo aparece no Artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, é necesario elaborar un plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar.

Este plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que o alumnado teña sen superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Será ademais un plan que se adapte ás particularidades de cada alumno/a. O departamento didáctico será o que velará pola realización do plan por parte do alumno/a.

O plan de reforzo inclúe:

- Identificación do alumno/a.
- Información relevante sobre a materia ou materias sen superar.
- Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- Seguimento e avaliación.
- Acreditación de información á familia.

En cada avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, se fose necesario, faranse os axustes oportunos.

No caso dos grupos de PDC, a avaliación das materias pendentes será diferente xa que como establece a ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, o alumnado que acceda a un

programa de diversificación curricular con materias pendentes de cursos anteriores que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa seguirá un plan de reforzo que lle permita recuperalas ao longo do desenvolvemento del. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas cando se supere o ámbito correspondente.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Segundo aparece no Artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, é necesario elaborar un plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Este plan de reforzo comezase a elaborarse na avaliación final de xuño, para que o profesorado que non sexa definitivo no centro e que non estea o curso seguinte poida deixar información do alumnado para o curso seguinte. Retómase en setembro, co profesorado xa de nova incorporación.

O plan específico personalizado inclúe os seguintes apartados:

- Identificación do alumno/a.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición de curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación de información ás familias.

A Xefatura de Estudos, xunto co Departamento de Orientación, teñen elaborado un modelo de plan específico de reforzo que será empregado para axilizar a súa elaboración.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento deste plan específico personalizado e faranse os axustes necesarios se fose preciso. Este plan para alumnado repetidor quedará gardado xunto co expediente.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Neste apartado tense en conta o seguinte Marco Legal:

-ORDE do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

-ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

-Circular 1/2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se precisan aspectos da Orde do 2 de marzo de 2021.

-Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.

- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

PROMOCIÓN:

De acordo co novo marco legal existente en materia de promoción dos alumnos e alumnas que cursan estudos da ESO, e atendendo a ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. aprobouse en Claustro ordinario celebrado o 27 de setembro de 2023, (informado o Consello Escolar o día 5 de outubro de 2023) a seguinte concreción:

Con dúas materias non superadas do propio curso ou dos anteriores promociónase. Con máis de dúas, e despois de cumprir o requisito a), o equipo docente (por maioría simple e tendo en conta que é unha votación colexiada), tomará a decisión de promoción de acordo ao recollido nos apartados b),c) d) e e) do punto 3 do Artigo 28 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

Esta proposta é aprobada por unanimidade.

TITULACIÓN:

De acordo co novo marco legal existente, aprobouse en Claustro ordinario celebrado o 27 de setembro de 2023, (informado o Consello Escolar o día 5 de outubro de 2023) a seguinte concreción:

Obterase o título de graduado en educación secundaria obrigatoria superando todas as materias cursadas. Con algunha materia suspensión, e despois de cumprir o requisito a), o equipo docente (por maioría simple e tendo en conta que é unha votación colexiada), tomará a decisión de titulación de acordo ao recollido nos apartados b) e c) do punto 2 do Artigo 29 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

Esta proposta é aprobada por unanimidade.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Na reunión de claustro ordinario celebrado o 27 de setembro de 2023 (informado o Consello Escolar o día 5 de outubro de 2023) apróbase por unanimidade a seguinte proposta :

O claustro aproba por unanimidade a seguinte proposta traída da reunión da CCP:

Segundo o Artigo 31 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 5 de setembro, logo da avaliación final de cuarto curso, o alumnado cunha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra.

En caso de empate entre varios alumnos/as terase en conta a nota media do terceiro curso. (Se fose necesario volver desempatar miraríase a nota media do segundo curso).

Co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrencia entre todo o alumnado, as cualificacións obtidas na avaliación final das ensinanzas de relixión e na materia Proxecto Competencial non computarán no cálculo da media para os efectos da mención de matrícula de honra. Desta maneira seguirase o Artigo 13 da RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Tal e como se establece no Artigo 20 da RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24, o profesorado dos centros docentes, baixo a coordinación das xefaturas dos departamentos didácticos teñen que desenvolver o currículo establecido mediante a programación didáctica.

A programación didáctica elaborárase por nivel educativo para cada unha das áreas, materias e ámbitos e será a mesma para todos os grupos do nivel.

Os centros docentes farán públicas as programacións didácticas, así como a concreción curricular, co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa. Para estes efectos, seguirase o procedemento establecido nas súas normas de organización, funcionamento e convivencia que, con carácter xeral, preverá a súa publicación na páxina web do centro, sen prexuízo doutros posibles medios de difusión.

As programacións didácticas terán como mínimo:

a) Introducción.

b) Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.

-Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.

-Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación e criterios de recuperación.

-Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes,

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

-Concreción dos elementos transversais.

- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

Deberase empregar, para a elaboración destas programacións didácticas a aplicación informática de programacións, PROENS.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

1- Diversificar a oferta de plans e proxectos para ofertar actividades ao maior número de alumnado posible.

2- Será necesario contar con profesorado implicado para a elaboración, coordinación e execución do proxecto.

3- Que a temática atenda ás necesidades detectadas na comunidade educativa.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Por ser este un documento aberto e modificable en cada momento, é imprescindible levar a cabo de xeito periódico análises, reflexións e debates para posibles melloras do mesmo.

Deste xeito, valoraranse os items que se indican a continuación de xeito que se se cumpran moito (4 puntos), bastante (3 puntos), pouco (2 puntos), case nada (1 punto) e nada (0 puntos):

-Os obxectivos xerais da etapa adecúanse ao contexto do centro.

-Cada materia /departamento didáctico contribúe de maneira axeitada á adquisición das competencias.

-Cada materia /departamento didáctico contribúe de maneira axeitada á incorporación dos elementos transversais.

-En cada materia trabállase cunha metodoloxía adaptada ás necesidades do alumnado.

-Os recursos didácticos empregados en cada materia son variados e motivadores para todo o alumnado.

-Cada materia fai uso das novas tecnoloxías facendo especial fincapé no emprego da aula virtual do centro.

-A oferta educativa e os itinerarios ofertados no centro son adecuados para o perfil do alumnado.

-As AACCEE son variadas e motivadoras para o alumnado.

-O deseño e proposta das actividades por parte dos distintos departamentos didácticos é axeitada.

-Os departamentos didácticos teñen elaborados uns plans de reforzo que se adecúan ás necesidades do alumnado.

-Os departamentos didácticos teñen elaborados uns plans de recuperación de materias pendentes que se adecúan ás necesidades do alumnado.

-Os criterios xerais para a avaliación e a promoción son axeitados para o perfil de alumnado do noso centro.

-Os criterios da matrícula de honra son adecuados para o perfil de alumnado.

-As programacións didácticas dos diferentes departamentos seguen un patrón común.

-As programacións didácticas ou un resumo das mesmas están publicadas nas aulas virtuais e/ou na páxina web do centro.

-Os criterios elixidos para participar en proxectos ou en plans son axeitados.

o) Outros apartados

1. Aprobación Claustro

Esta concreción curricular foi aprobada no Claustro o 17 de outubro de 2024 e no Consello Escolar o 24 de outubro de 2024.